



BANDO DA ALCALDÍA

MEDIDAS PREVENTIVAS DO CONTAXIO DO COVID-19 E REPARTO MÁSCARAS

Dende o concello recomendamos o cumprimento escrupuloso das recomendacións das autoridades sanitarias para evitar os contaxios polo coronavirus Covid-19. Só cumprindo estritamente estes hábitos preventivos poderemos lograr a erradicación da pandemia. Diante de todo, a mellor solución: **QUEDARSE NA CASA**, saíndo o mínimo imprescindible para abastecerse das necesidades máis básicas. Neste senso, esta Alcaldía quere recoñecer, en xeral, o comportamento exemplar dos veciños, que nos fai manter con éxito a loita contra o coronavirus Covid-19.

En relación ao reparto de máscaras sanitarias aos veciños por parte do concello, temos que comunicar que o número moi limitado de unidades do que dispón o concello fai que destine prioritariamente ao persoal que atende a axuda no fogar, transporte social, servizos sociais, etc.

Non está previsto o reparto de máscaras sanitarias aos veciños ata que o concello dispoña do número suficiente para abastecer ás persoas que o necesiten e o soliciten; non obstante, o concello poderá estudar e solucionar calquera necesidade imperiosa e inaprazable que poida ter actualmente algunha persoa en concreto.

Irixoa, 16 de abril de 2020

O alcalde

Antonio Deibe Sanmartín

